



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expte núm.: 2022/E001/000018

ANUNCIO NÚM. 4

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar do servizo de axuda a domicilio do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022). Estabilización de emprego temporal. Resultado do proceso selectivo

O órgano de seleccións constituíuse e celebrou a fase de concurso o 01/10/2024. Na acta núm. 2 que documenta a sesión do data 08/10/2024, despois de celebrar a fase de oposición determinouse a puntuación final das probas selectivas.

A proba de galego á que se tiveron que someter dúas aspirantes tivo lugar o 22/10/2024, sendo declaradas aptas.

En virtude do disposto na base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concedeuse un prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que se estimasen pertinentes.

Durante o expresado prazo non se presentou ningunha reclamación.

Por todo o indicado, e de acordo coa base novena das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos de persoal incluídos na OEP-E 2022 para a estabilización de emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/21, do 28 de decembro), e a base oitava das bases específicas para a cobertura mediante persoal laboral fixo, **dunha (1) praza de auxiliar do servizo de axuda a domicilio**, a comisión de valoración, en data 03/12/2024, acordou o seguinte:

“Primeiro. Elevar a definitiva a valoración do proceso selectivo (concurso-oposición) para a cobertura mediante persoal laboral fixo unha (1) praza de **auxiliar do servizo de axuda a domicilio do Concello das Pontes de García Rodríguez, co seguinte resultado:**

Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	CELGA 3 ou equivalente	Puntuación total
Doce Gabeiras, María Josefa	20 puntos	26,40 puntos	Apta na proba	46,40
Caínzos Prieto, María Carmen	20 puntos	23,40 puntos	Apta na proba	43,40
Sierra Otero, María Luz	20 puntos	27,60 puntos	Sí	47,60

Segundo. Declarar que **María Luz Sierra Otero**, con DNI *****0877****, superou o proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de **auxiliar do servizo de axuda a domicilio**.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Terceiro. Propoñer á Concellería Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá a **contratación** de **María Luz Sierra Otero**, coa categoría de **auxiliar do servizo de axuda a domicilio**, do cadro de **persoal laboral fixo** do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Cuarto. De conformidade co establecido na base novena das bases xerais, establécese a seguinte **relación complementaria**, por orde decrecente de puntuación, coas persoas aspirantes finalistas do proceso selectivo, pero que non foron incluídas na proposta de contratación, coa finalidade de poder ser efectuado o nomeamento a prol da persoa que lle corresponda en caso de renuncia antes da contratación ou imposibilidade de contratación da aspirante proposta, de acordo co disposto no artigo 61.8 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:

Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	CELGA 3 ou equivalente	Puntuación total
Doce Gabeiras, María Josefa	20 puntos	26,40 puntos	Apta na proba	46,40
Caínzos Prieto, María Carmen	20 puntos	23,40 puntos	Apta na proba	43,40

Quinto.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E-2022 (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez, así coma na páxina web municipal.

Sexto.- A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá **presentar no concello, a través da sede electrónica, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación:**

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.”

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, na data da sinatura dixital.